

PROPOSTA GRUPO DE TRABAJO DE INCLUSIÓN COTSG

O TRABAJO SOCIAL NO EIDO DA INCLUSIÓN SOCIAL

Este grupo de traballo xorde a partir das inxerencias profesionais dun grupo de traballadoras sociais da Estratexia de Inclusión Social de Galicia, en diante EIS Galicia, ante as distintas problemáticas psicosociais e económicas vinculadas á actual situación de crise causada pola COVID-19. No contexto actual, urxe unha coordinación efectiva entre os diferentes entes públicos que traballan en prol da inclusión sociolaboral así como unha abordaxe e intervención profesional dos procesos de incorporación social.

No marco actual de globalización económica neoliberal cunha profunda precarización do mercado de traballo:

O concepto exclusión social engade outros elementos á pobreza, de carácter máis cualitativo. Ao falar de "excluídos", estaríamos falando de persoas, familias ou grupos que, ademais de non chegar aos niveis mínimos de benestar alcanzados nun determinado país, non participan das formas de vida e de integración social existentes no mesmo. (Linares, 2002:254).

Como sabemos, a pobreza ou precariedade económica e só un factor da exclusión social como fenómeno multidimensional, motivo polo cal, entendemos que o acompañamento e a intervención social profesional en tempos de crise é fundamental tanto para lograr procesos satisfactorios de inclusión social como para previr posibles novas situacións de vulnerabilidade. Polo tanto, os itinerarios de inclusión sociolaboral constitúen ferramentas de traballo o suficientemente "vivas" e flexibles podendo mudar ao longo das distintas etapas vitais das persoas participantes e adaptándose aos seus distintos perfís sociais, de xénero, identitarios, educativos, culturais, laboriais, etc. así como das súas necesidades e demandas tanto implícitas como explícitas.

"A Estratexia de Inclusión Social de Galicia (EIS Galicia) constitúe un marco integrado de intervencións orientadas a responder de xeito efectivo e coordinado ás situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social, e procurar os apoios precisos para que as persoas destinatarias consigan a súa inclusión social e laboral". (EIS, 2016:7). As redes tecidas durante anos de traballo interdisciplinar en coordinación entre os servizos sociais comunitarios básicos, específicos e entidades de iniciativa social nas nosas zonas de influencia co protagonismo da EIS Galicia no deseño e implementación de itinerarios de inclusión sociolaboral, ubica ás equipas nunha situación privilexiada dende a que visibilizar a

labor dos servizos públicos nos retos que están por chegar ante as consecuencias derivadas da crise da COVID 19. O Real Decreto-ley 20/2020, de 29 de mayo, polo que se establece o ingreso mínimo vital, establece no artigo 28.1 “O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións promoverá, no ámbito das súas competencias, estratexias de inclusión das persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital mediante a cooperación e colaboración cos departamentos ministeriais, as comunidades autónomas, as entidades locais, as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como coas entidades do Terceiro Sector de Acción Social. O deseño destas estratexias dirixirase á remoción dos obstáculos sociais ou laborais que dificultan o pleno exercicio de dereitos que socavan a cohesión social”. (Ley Nº 154, 2020: 36046). A existencia de equipas técnicas profesionais da intervención social, dentro da rede pública de servizos sociais, con experiencia no deseño e posta en práctica de itinerarios de inclusión sociolaboral consensuados coas persoas usuarias, constitúe un escenario privilexiado na nosa comunidade autónoma dende onde artellar dispositivos efectivos de incorporación social e laboral nun contexto de crise económica e social como o actual.

Así pois, valórase como positivo a participación neste grupo de traballo de profesionais dos servizos sociais comunitarios públicos que traballan en programas de inclusión social en servizos sociais comunitarios básicos e específicos.

Composición:

COLEX 2265

COLEX 1296

COLEX 2859

COLEX 1793

COLEX 1236

COLEX 1385

COLEX 2080

Coordinadora:

COLEX 1296

OBXECTIVOS

- ✓ Defender as actuacións encamiñadas a lograr a inclusión sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social dentro do sistema público de servizos sociais.
- ✓ Lograr o empoderamento, independencia e protagonismo das persoas en situación ou risco de exclusión social nos procesos de incorporación social a través do deseño e posta en práctica de itinerarios personalizados de inserción social e laboral.
- ✓ Procurar o acceso efectivo aos sistemas de protección social: garantía mínima de ingresos, sanidade, educación e vivenda das persoas en situación ou risco de exclusión social.
- ✓ Mellorar a participación social-relacional, económica-laboral, política-cidadá das persoas en situación ou risco de exclusión social.
- ✓ Dotar ás equipas da Estratexia de Inclusión Social de espazos de intercambio de experiencias que redunden na mellora do deseño e implementación dos itinerarios de inclusión sociolaboral, así como accións formativas específicas neste eido.
- ✓ Incorporar a perspectiva de xénero na intervención para a incorporación social así como en tódalas actuacións que se leven a cabo dende o grupo de traballo tendo en conta o fenómeno da feminización da pobreza nos procesos de inclusión sociolaboral.
- ✓ Visibilizar, recoñecer e por en valor a labor das equipas de inclusión social de Galicia.
- ✓ Visibilizar o papel das traballadoras sociais da EIS Galicia, tanto en servizos comunitarios básicos como específicos.
- ✓ Integrar, polo menos un/unha profesional do traballo social como parte de cada unha das equipas de inclusión tanto das entidades locais como dos dispositivos comarcais de inclusión sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- ✓ Recuperar a intervención e o acompañamento social como camiño favorecedor cara a inclusión sociolaboral da poboación en situación ou risco de exclusión social.
- ✓ Tomar como referencia os datos sociais, relacionais, de saúde, vivenda, familiares, etc. que se recollen nas entrevistas e documentación propia da EIS Galicia no deseño de políticas sociolaborais efectivas na loita contra a pobreza e a exclusión social.
- ✓ Afianzar o traballo en rede xerado entre as equipas de inclusión e os SSSS

comunitarios básicos.

- ✓ Manter e reforzar o tecido en rede xerado ao longo destes anos entre as equipas de inclusión e as entidades do terceiro sector entendéndoas como entidades fundamentais para complementar determinados programas do sector público.
- ✓ Mellorar a coordinación e comunicación da rede de atención e intervención no campo da inclusión social en Galicia.
- ✓ Creación dunha comisión de inclusión social para favorecer o intercambio de opinións/visións/relacións de traballo ca Consellería de Política Social de forma periódica.
- ✓ Crear liñas de relación directas ca Consellería de Política Social co obxecto de estar presentes nas negociacións da reforma da Lei de Inclusión Social de Galicia.

FUNCIONES

- ✓ Visualización do perfil profesional de traballadoras sociais dentro das equipas de inclusión sociolaboral.
- ✓ Defensa das equipas de inclusión das entidades locais así coma das equipas comarcais de inclusión sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar como profesionais de referencia en prol da inclusión sociolaboral que veñen desenvolvendo a súa labor dende o ano 2008 coa creación do II Plan Galego de Inclusión Social e posterior transformación na Estratexia de inclusión social de Galicia no 2014 ata a actualidade.
- ✓ Defensa do protagonismo e participación das persoas usuarias no deseño e implementación dos seus itinerarios personalizados de inserción socio laboral.
- ✓ Reivindicación para a dotación orzamentaria á rede pública de servizos sociais de inclusión constituída tanto polas equipas de inclusión das entidades locais, coma polos dispositivos comarcais de inclusión sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar repartidos por todo o territorio galego para traballar no deseño e seguimento dos programas de inclusión que se asocien ao IMV como se recolle no artigo 28.1 do Real Decreto-ley 20/2020, de 29 de mayo, polo que se establece o Ingreso Mínimo Vital.
- ✓ Reivindicación para a dotación ás equipas de inclusión de recursos propios para a programación de accións formativas implicadas nos procesos de incorporación social das persoas participantes: alfabetización, preparación de competencias clave, probas libres da ESO, competencias dixitais, habilidades sociais e prelaborais, prácticas formativas en empresa, formación ocupacional, etc.

- ✓ Participación en propostas de articulación de complementos de inserción e transición ao emprego compatibles co IMV con dotación orzamentaria da CCAA.
- ✓ Defensa do protagonismo e participación das persoas usuarias no deseño e implementación dos seus itinerarios personalizados de inserción socio laboral.
- ✓ Estudo e análise de eivas para as propostas de mellora nas posibles revisións/modificacións que previsiblemente se realizarán na Lei de Inclusión Social de Galicia como consecuencia da súa incompatibilidade co IMV. Será necesaria ampliar a cobertura de garantía mínima de ingresos a colectivos en situación de vulnerabilidade económica que non poden acceder ao IMV ou que accedendo, non teñen garantidos uns ingresos mínimos debido ao cómputo de rendas do exercicio anterior para o cálculo da contía do IMV.
- ✓ Defensa e posta en valor dos itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral como estratexia metodolóxica para a incorporación social de persoas en situación ou risco de exclusión social. Entendendo que o contexto actual vai empeorar notablemente as condicións vitais das persoas que xa se atopaban nunha situación de vulnerabilidade con anterioridade á crise motivada pola pandemia do COVID-19, queremos subliñar, como recolleemos máis arriba, que a garantía mínima de ingresos- onde aínda queda un longo camiño para facerse efectiva- non leva aparellada una inclusión social do individuo/familia.

Para elaborar un itinerario seguiranse os seguintes pasos:

- ✓ Estudo detallado das circunstancias individuais de cada caso, facendo o individuo participe de ser consciente da súa situación actual, cal é o orixe e as causas, manifestación das mesmas e consecuencias.
- ✓ Reforzar as motivacións persoais do individuo, para promover o cambio e lograr a inserción social.
- ✓ Axudar á persoa a determinar cáles son os obxectivos a acadar e en que condicións se producirán, mantendo o seu dereito á diferenza.
- ✓ Programar o proceso axeitado, de forma individual, para acadar os obxectivos expostos.
- ✓ Prestar a orientación e apoio necesaria para levar a cabo o proceso de cambio,
- ✓ Fomentar a persoa a creación e uso de habilidades persoais e sociais.
- ✓ Incentivar ou reforzar as habilidades cara a procura de emprego.

- ✓ Programa de inclusión social será o nexo de unión cos recursos externos que contribúan a acadar ós obxectivos marcados no itinerario personalizado de inserción.
- ✓ Cos equipamentos específicos do sistema público de servicios sociais: centros ocupacionais, Centros de Inserción Social, etc
- ✓ Con outras áreas que permitan dar respostas normalizadas a través de programas integrais: sanidade, educación, emprego, etc.

Referencias bibliográficas:

España. Real Decreto-ley 20/2020, de 29 de mayo, por el que se establece el ingreso mínimo vital, Boletín Oficial del Estado, 1 de junio de 2020, núm.154, pp. 36022-36065

Estratexia de Inclusión Social de Galicia (2016). Santiago de Compostela: Consellería de Política Social.

Linares Marquez de Prado, E. (2002): "Violencia, pobreza y exclusión social". *Cuadernos de trabajo social*.: 253-259, acceso 2 de julio de 2020 <https://alternativasts.ua.es/article/view/2002-n10-violencia-pobreza-y-exclusion-social>